

LENDAS E MITOLOXÍA POPULAR GALEGA

Xosé Miranda

Unha iniciativa de



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aeig.org

co apoio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Secretaría Xeral para o Turismo



XACOBEO 2010
Galicia

Na literatura oral galega hai tres xéneros narrativos: o conto, a lenda e o mito. O conto nárrase sabendo que é ficticio (é unha andrómena, unha fábula) e entre os seus tipos están os *marabillosos*, nos que intervén a maxia, hai contrincantes sobrenaturais e probas que superar. Moitos dos seres míticos galegos aparecen neste tipo de contos, que suceden nun mundo e nun tempo míticos por definición.

A lenda é unha narración que se pretende certa. O narrador cóntaa como un *sucedido* real, verdadeiro: velaí o seu carácter máis definitorio. A lenda é un sucedido e para autentificalo dáse o nome do protagonista ou da testemuña: isto pasoulle ao meu avó, á miña tía, a un amigo, a un amigo dun amigo, a min mesmo “que o vin con estes ollos”, e dáse tamén o tempo no que pasou e o lugar preciso. Poño un exemplo:

Conta o Félix que había unha muller en Marce que lle chamaban a Generosa do Pólvora, que era irmá da Monfortina, e que cando lle morreu seu pai ela estaba alí por debaixo da casa e que ladraba igual ca un can. E dicían que pouco antes de morrer pedíalle a man dereita á súa irmá e que esta non lla deu. En vez diso, deulle o rabo dunha vasoira. E Generosa morreu e a vasoira marchou voando.

Este carácter de “verdadeiro” que ten a lenda opona rotundamente á fábula pois precisamente a lenda pretende non ser “imaxinaria”, senón verídica. A lenda fainos dubidar, embelecar: está a cabalo entre dous mundos. O outro mundo, de súpeto, maniféstase neste. As **arqueolendas** son as de auténtica raizame popular, oral, e son as que se contan como recentes en canto ao tempo da narración. Pola súa banda, a **neolenda** ten en común coa lenda a súa pretensión de verosimilitude, mais non se localiza nun mundo e nun tempo inmediato (sucede na antigüidade, nos tempos de cabaleiros e castelos, no dos santos ambulantes, nos da Virxe, nos do Camiño de Santiago), aínda que si nun tempo e nun mundo recoñecibles, e por iso non pode presentar testemuñas do sucedido. Poñamos un exemplo:

Benta, filla de don Lopo das Seixas, señor da Torre de San Paio de Narla, foi salvada por un plebeo de morrer pateada por un cabalo. Namoráronse e todo foi ben ata que o soubo o pai de Benta. Prohibiualles verse más, pois ela era fidalga e el só un servo. Pero os mozos aconselláronse e decidiron fuxir xuntos. Despois de

andar moitas horas polo monte, fóronse agachar nunha cova, que para a súa desgraza resultou ser a Cova da Serpe. Non se decataron do perigo. Saíu recibilos o réptil, unha cobra inmensa, que deseguida se botou a eles. O rapaz interpúxose entre o monstro e a súa amada. Sacou un cativo puñal do cinto e pelexou coma un perdido; conseguiu facerlle á cobra unha ferida de morte na testa, pero ela trabouno e afogouno, rodeándoo cos seus aneis, e morreron ambos. Cando chegaron os homes de Lopo das Seixas, Benta estaba aínda agarrando a man do seu amante morto. Dise que toleou e que acabou fundando un convento onde chaman Freiría. O mozo enterrárono no adro da igrexa parroquial de Friol e o lugar onde se coñeceran e na memoria daquel encontro, chámase agora Bertamil, próximo ó lugar de San Paio de Narla.

Hai un terceiro tipo de lenda, en fin, que é moi coñecida hoxe: a denominada **lenda urbana**. Nela non aparecen seres sobrenaturais, pero mantén exactamente o carácter de autenticidade, de ser un *sucedido*, e dános testemuñas: un amigo dun amigo. Aínda que é universal e transversal, nin é tan moderna como se pretende nin únicamente urbana. Un exemplo:

Na Coruña un neno foi cos pais á feira e montou nos cabaliños. Era pequeno, pobre, seica non pasaba dos tres anos. Montou nun cabalo e de repente púxose a chorar. Colleuno a nai e el choraba e choraba. Tiveron que levalo para a casa. Dixo que o mordera o cabalo. E, claro, non lle fixeron caso. Pensaron que era cousa de nenos. Pero pola noite púxose moi malo, vomitando, inchoulle o brazo, púxose negro. Chamaron o médico, pero xa chegou tarde. Morreu o neno. E o caso é que no brazo tiña dúas picaduras. Non o mordera o cabalo, mordérao unha víbora. A policía foi mirar o carrusel, e atoparon unha víbora que fixera o niño no cabalo.

O mito é unha peza narrativa difícil de apreciar, pois comparte co conto marabilloso que sucede en tempos “imaxinarios”, en tempos alternativos que son os tempos primixenios, os tempos de María Castaña e comparte coa lenda a súa pretensión de autenticidade. Non hai testemuñas, mais sucedeu e é evidente. Non se trata dunha neolenda pois non se trata dos seres humanos, senón dos deuses que están nas orixes do mundo. O mito fala das orixes das cousas, trata das crenzas más fondas dunha comunidade e por iso cando estas se perden percíbese

como un conto ou como unha lenda. Engadamos que o personaxe orixinal pode estar oculto ou ter cambiado de forma para adaptarse á relixión dominante. Vexamos exemplos:

O río Eume nace no Xistral, na Fonte do Xistral, e despois baixa e pasa onde o lugar do Real. Alí houbo unha vila que un día quedou asolagada. Un día que veu un trobón, un diluvio e non parou de chover ata que Veiga do Real quedou asolagada. Fíxose un pozo fondísimo, o Pozo do Real. E din que os habitantes quedaron alí, e que viven debaixo das augas. O caso é que alí aparecen unhas señoritas peiteándose, uns encantos que a de certo eran desa vila. E tiñan un cadelo, un cerrulo pequeno que pillaba as ovellas dos que ían por alí e mandábaas ao fondo do Pozo, sería para alimentar os habitantes, que sei eu.

Outro:

Unha bruxa, ou moura, e a súa filla, residentes no castro cruzaban a pé o Monte Pedrido. A mai ía fiando e levaba na cabeza unha grande rocha; a nena levaba na cabeza unha ola con leite. Ó chegar á Pena, a bruxa, ou moura, esvarou sobre unha laxe, caeuille a rocha que levaba na cabeza e esmagou a filla. A mai, vendo a desgraza, alporizouse e dixo: -Pena Castrela, rompíchesme a ola, matáchesme a nena; o demo te fenda de rabo a orella. E para castigala colleu a outra pedra (dun medio metro de longo) e tiroulla enriba. E alí está a pena, fendida en dúas.

Os temas da mitoloxía galega son fundamentalmente os *encantos*, *tesouros* e *mouros*; os *trasnos* e os *demos*; as *meigas* e os *meigallos*; a *morte* e as *ánimas*; as *cidades asolagadas*, *pozos peagos* e o *outro mundo*; e os *animais* como lobos, donicelas, cobras, vacalouras, grilos, etc. No primeiro grupo, os seres míticos xiran en torno a un personaxe principal, a *moura*: as mouras son mulleres xigantes, que levan laxas na cabeza, fían cunha man e ao mesmo tempo, baten leite ou fan manteiga coa outra. Co tempo, confundíronse coas bruxas, que, como se ve, non son as bruxas normais, senón bruxas sobrenaturais xigantescas, idénticas ás das Illas Británicas. É responsable das antas, mámoas, castelos e castros, e ás veces de pontes e igrexas, e desde logo habitante de covas, montañas, castros, lagoas e fontes, capaz de cambiar de forma a vontade, de xeito que ás veces é cobra e ás veces é pita e ás veces é egua, vella e nova,

moza e nena, e amante dos porcos, das vacas, do leite e dos queixos, do viño, do pan e dos cereais, das rapaciñas ás que leva para que a substitúan e dos mozos, e gobernadora tamén do tempo, do inverno (é ela quen fai a xeada: *peneirou a vella canto quixo*; quen produce a calor: *como tizaba a vella!* -din nun día de fogaxe), responsable do arco da vella e dos vagalumes (*vella facendo as papas*) e das maruxiñas. Esa vella fixo as montañas e dáselle culto nas montañas: no Faro, no Cebreiro, cos nomes de Ana, María, Mariña, que son o seu último avatar. Pero ás veces foi substituída polo mesmo Deus.

Cando Deus rematou de facer o mundo o último que fixo, e o que mellor lle saíu, foi Galicia. Estaba canso, e pousou o cu no mesmo cume do monte Santa Tegra, pero non asentou ben e para non caer e quedar en ridículo, apoiou a man. Co seu peso quedaron marcados os dedos e o mar entrou por aquelas marcas terra dentro. Os cinco dedos formaron as cinco Rías Baixas: a de Vigo, a de Pontevedra, a de Arousa, a de Muros e Noia, e a de Corcubión e Cee. Ah, pero cando Deus ergueu a man lixada de lama, sacudiuna, e así, segundo os montóns que foron caer no mar fosen grandes ou pequenos naceron as illas Cíes, as Sisargas, Ons e Oncela, Sálvora, Arousa e as outras illas galegas.

E fixádevos en que o día do solsticio de verán, en San Xoán, sae a Moura que quere ser desencantada. A Moura é unha deusa retida baixo terra contra a súa vontade. A noite de San Xoán vén, como moza, a que a desencantemos. E non se conserva só o mito, mesmo, asombrosamente, consérvase a descripción do rito.

Un mouro dálle tres moletes a un home de alí, cada un co seu periquete, dicíndolle que non lle quebre ningún dos cornechos nin lle tire un só belisco ó pan. Mándalle que cando chegue ó castro Pedro tire os pans dun nun no medio do terreo, dicindo: —¡Aureana, Aureana, toma o bolo que che da a túa Ana! Así o fai o home, pero a súa muller, entre tanto, apalpa o saco onde van os moletes e cómelle un periquete a un. Chega o paisano ó castro, bota un molete e sae unha belida dona montada nunha mula moi chea, e foxe coma un lóstrego. Bota outra e sae outra igual, tamén coa súa mula. Bota o terceiro, que é o que vai incompleto, e a señora que sae vai nunha mula coxa e así non pode desencantarse.

A Moura é unha deusa cobra, e como as cobras pasa o inverno soterrada, e como as cobras é inmortal e como as cobras é ambivalente, fecundadora e devoradora.

En canto aos trasnos, tardos, demos rumudos, diaños bulreiros, perellos, sumicios, son o que en castelán se chaman *duendes* e non deixan de facer trasnadas. As meigas e os nubeiros (meigos que viaxan nas nubes e arrasan as colleitas) son nigromantes e poden botar meigallos.

Contan que unha noite de lúa clara estaban un fato de bruxas reunidas en roda ao pé dunha fonte, medindo e repartindo a auga da fonte, moi atarefadas, ocupadas en saber canta auga tocaba a cada un dos veciños da aldea. Dicían desta maneira: —Esta é pra fulano, esta é pra citrano, esta é pra mengano, esta é... E había un veciño espreitándoas detrás dun castiñeiro, e esvarou nas herbas, e fixo ruído. Decatáronse as bruxas e botaron a correr detrás del e Bouráronlle entre todas. Conseguiu fuxir delas como puido e meteu-se na casa a pouco de perder a vida.

Os demachiños son demos familiares, microscópicos, invisibles, maliciosos, causantes de meigallos e enfermedades. Son os artífices dos ruídos inexplicables, dos fenómenos estraños, capaces mesmo de coarse na comida ou no cuspe para dentro do corpo. Dicirlle a alguén: *tes os demachiños*, é tanto como dicirlle que está doente, enmeigado ou embruxado. As bruxas devecen por ter unha *caixa dos demachiños*.

A morte pódese presentir cos agoiros e avisos de morte, e as ánimas do outro mundo viaxan ás veces por este con forma humana, soas coma pantasmas, mulleres enloitadas ou Estadeas, ou en grupos como a Compañía, ou con forma animal, igualmente soas como Cans Negros e Raposas, ou en grupos como no caso da Zarrulada, que é unha manda de cans. Hai un mundo subterráneo distinto a este, vigas de ouro e de alcatrán que sosteñen a Terra, pozos peago que non teñen fondo, mares subterráneos, cidades asolagadas por unha maldición no fondo do mar ou das lagoas, libros e remedios máxicos, lamias, xacias, sereas, cabras con pernas de muller e mulleres con pés de cabra, mecos, rabenos e homes salvaxes, peeiros e peeiras dos lobos (que son humanos que os guían), cabalos pantasma, paxaros da morte, procesións de bruxas, cobras voadoras que devecen polo leite, herbas cabreiras que abren todas as portas, pedras do raio e da serpe, homes do saco, mariamantas, meigas

de dentes verdes, homes peixe, papóns, sacaúntos, zarroncos, biosbardos, cozorellos e moitos más.